

EMPRESA E DESEÑO DE MODELOS DE NEGOCIO

ORIENTACIÓN DO GRUPO DE TRABALLO PARA AS PROBAS DE ACCESO Á UNIVERSIDADE.

Consideracións xerais

As funcións do Grupo de Traballo, especificadas pola Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, son as de asesoramento ao seu Director en todo o referente á elaboración das probas de acceso á universidade. En particular, o Grupo de Traballo non pode interferir no desenvolvemento do currículo propio desta materia que é de obrigado cumprimento por parte dos docentes, segundo as directrices da Consellería de Educación. O que se ofrece neste documento son unhas orientacións como guía para os requirimentos específicos das probas de avaliación do bacharelato para o acceso á universidade.

Os contidos da proba incidirán fundamentalmente sobre as cuestións básicas enunciadas a continuación.

BLOQUE 1. A EMPRESA E A SÚA CONTORNA.

Concepto de empresa: elementos, funcións e obxectivos.

Empresario: concepto, características e funcións.

Criterios de clasificación da empresa: propiedade do capital, actividade, tamaño e zona xeográfica. Factores de localización espacial da empresa: localización de actividades industriais e de actividades comerciais e de servizos. Concepto de dimensión empresarial e crecemento da empresa: crecemento interno (especialización e diversificación) e crecemento externo (fusión, absorción e cooperación).

Marco xurídico da actividade empresarial: Dereito Mercantil, Código de Comercio. Principais formas xurídicas da empresa: empresa individual, sociedade de responsabilidade limitada, sociedade anónima, sociedade laboral e sociedade cooperativa.

O contexto empresarial xeneral, factores: políticos, económicos, socioculturais, tecnolóxicos, legais. O contexto empresarial específico, factores: clientes, competidores, entidades financeiras, mercado laboral. As cinco forzas de Porter: poder de negociación dos clientes, poder de negociación dos provedores, ameaza de novos competidores entrantes, ameaza de novos produtos substitutivos e rivalidade entre os competidores.

Responsabilidade social corporativa: concepto e principais áreas (traballadores, sociedade, consumidores, e medioambiente).

Persoa emprendedora: perfil e dificultades do emprendemento. Muller e emprendemento: teoría do teito de cristal, brecha salarial e dificultades para emprender. Emprendemento inclusivo e estratexias para a súa promoción (exemplos: programas de

asistencia de financiamento e asistencia técnica, de mentoría e capacitación e de sensibilización e educación).

Concepto de dixitalización e aplicación á empresa (exemplos: big data, intelixencia artificial -aprendizaxe automática e aprendizaxe profunda-, tecnoloxía 3D, realidade virtual, criptomonedas e blockchain).

Concepto de I+D+i. Concepto de innovación. Teorías da innovación: Joseph Schumpeter, Peter F. Drucker, Michael E. Porter e Clayton Christensen. Tipos de innovación: segundo a área de mellora (innovación de produto e innovación de proceso). Estratexias de innovación: líder tecnolóxico, seguidor tecnolóxico, imitativa, oportunista, dependente e tradicional.

BLOQUE 2. O MODELO DE NEGOCIO E DE XESTIÓN.

Concepto de función comercial: análise de mercado e estratexia de márketing. Demanda de mercado e cota de mercado. Segmentación de mercado: concepto, criterios (demográfico, xeográfico e psicográfico). Concepto de proposta de valor. Marketing. Marketing- mix : política de produto (concepto de produto ofertado e ciclo de vida do produto), política de prezo (en función do posicionamento da marca respecto a a competencia, baseados nos custos) política de distribución (concepto de canles e tipos segundo a súa función e a súa pertenza á empresa) e política de promoción (publicidade, venta persoal, promoción de vendas, relaciones públicas e *merchandising*).

Función de produción. Factores de produción (inputs), produto (output). Proceso produtivo: clasificación (para o mercado, por encargo, en masa, artesanal). Asignación dos recursos produtivos (eficiencia técnica e económica). Produtividade: dun factor, global e índices de produtividade (conceptos, medición e cálculo das taxas de variación). Actividades clave. Recursos clave. Asociacións clave: con provedores, empresas conxuntas ou joint venture e alianzas estratéxicas (horizontais e verticais). Custos de produción: concepto e clasificación (fixos e variables, medios e marxinais, directos e indirectos). Métodos de valoración de existencias: FIFO e prezo medio ponderado. Punto morto ou limiar de rendibilidade.

Xestión de recursos humanos: selección e formación do persoal. Habilidades que demanda o mercado: habilidades duras e habilidades brandas. A contratación e as relacións laborais da empresa: Estatuto dos Traballadores, convenio colectivo, contrato de traballo. Políticas de igualdade e inclusión: concepto e exemplos.

Estrutura económica e financeira da empresa. Equilibrios patrimoniais. Fondo de manobra (definición, cálculo e interpretación). Ratios financeiros de: dispoñibilidade, tesourería, liquidez, garantía, endebedamento. Rendibilidade económica e financeira. Concepto de investimento e tipos (longo/ curto prazo, financeiros/ produtivos). Elementos dun proxecto de investimento. Valoración e selección de proxecto de investimento: métodos estáticos (prazo de recuperación) e dinámicos (valor actual neto). Aplicación, interpretación, vantajas e inconvenientes de cada uno de los métodos. Fontes de financiación da empresa: financiamento externo a curto prazo (provedores,

préstamos e créditos bancarios, desconto de efectos e *factoring*), financiamento externo a longo prazo (préstamos, empréstitos, ampliacións de capital, *leasing*), financiamento interno o autofinanciación (amortización e reservas). Fontes alternativas de financiamento (exemplos: capital risco, *business angels*, *crowdfunding* o micromecenazgo, incubadoras de *start ups* ou aceleradores, *confirming*).

Obrigas contables: libros contables obrigatorios, verificación (auditoría de contas) e presentación das contas anuais (registro mercantil). O patrimonio da empresa: concepto, composición e principais criterios de valoración dos elementos patrimoniais. As contas anuais (concepto e tipos) e a imaxen fiel. Balance: concepto e estrutura (agrupación en masas patrimoniais), conta de Pérdas e Ganancias (concepto e estrutura).

Impostos: concepto, elementos (suceso pasivo, feito imponible, base imponible, tipo impositivo). Principais impostos que gravan a actividade empresarial: IRPF, IS e IVE.

BLOQUE. 3. FERRAMENTAS PARA INNOVAR EN MODELOS DE NEGOCIO E XESTIÓN.

Concepto de modelo de negocio. O lenzo de modelo de negocio e xestión: concepto e utilidade, áreas (oferta, clientes), bloques (segmento de clientes, proposta de valor, canles, relación cos clientes, fontes de ingresos, recursos claves, actividades clave, alianzas clave e estrutura de custos). Padróns de modelos de negocio: baseado na gratuidade ou *freemium*, *long tail* ou cola longa, multiplataforma ou multilateral, aplicacións móbiles, *Marketplace*.

O punto de vista dos clientes, o mapa de empatía: concepto, áreas nas que se divide (que pensa e que sente, que oí, que ve, que di e que fai, que obstáculos e que desexa conseguir).

Creatividade: concepto. Proceso de creatividade: pensamento converxente, pensamento diverxente. Dinámicas de xeración de novas ideas en modelos de negocio: *brainstorming* ou tormenta de ideas, *mindmaps*, *scamper*, os seis chapéus.

Competencia: concepto. Nicho de mercado: concepto.

As ferramentas de organización de ideas e o seu concepto: pensamento visual ou visual *thinking*, capacidade de síntese. Ideación: concepto.

O prototipado: concepto e utilidade para empresa e usuario. Posibilidades de prototipado de bens (exemplos: modelos funcionais, modelos formais, impresión 3D) e de servizos (exemplos: xogo de roles, prototipo en vídeo e roteiros de clientes e mapas de experiencia).

As ferramentas de presentación dun proxecto ou idea. Narración de historias ou *storytelling* e o discurso no ascensor ou *elevator pitch*. Outras metodoloxías.

Os escenarios: exploración de ideas, escenarios futuros (influencia da tecnoloxía e adaptación da empresa). Novos modelos de negocio: globais, sostibles, dixitais .

Outras ferramentas para innovar en modelos de negocio e de xestión (exemplos: *design thinking*, océanos azuis, *kinder garden*).

BLOQUE 4. ESTRATEXIA EMPRESARIAL E MÉTODOS DE ANÁLISES DA REALIDADE EMPRESARIAL: ESTUDO DE CASOS E SIMULACIÓN.

Avaliación previa dos modelos de negocio: análise DAFO, análise previsional de ingresos e custos mediante a conta perdas e ganancias e o limiar de rendibilidade.

A validación do modelo de negocio. Equipos de traballo áxiles. *Lean Startup*: concepto. Desenvolvemento de clientes. Desenvolvemento de produto áxil: concepto.

Dereitos de propiedade industrial: tipos (marcas e nomes comerciais, deseños industriais, patentes e modelos de utilidade).

A toma de decisións: concepto. Concepto de simulación. Redacción dun plan de negocios: concepto e estrutura (presentación, plan de márketing, plan de produción, plan de investimento e financiamento, forma xurídica e aspectos legais).

A análise de resultados: estudo de mercado, análise e interpretación da información contable e análise de estados financeiros.

CUESTIONS NAS QUE SE DEBERÁ FACER ESPECIAL FINCAPÉ PARA PREPARAR A RESOLUCIÓN DE CASOS PRÁCTICOS

A produción: produtividade dun factor, produtividade total, índices de produtividade, taxa de variación da produtividade.

Cálculo de custos de produción: fixos, variables, totais, medios, marxinais. Representación gráfica.

Valoración de existencias : FIFO e prezo medio ponderado.

Punto morto: cálculo, interpretación, representación gráfica e decisión entre comprar ou fabricar.

Cálculo e interpretación da rendibilidade económica e a rendibilidade financeira. Na medida en que se considera importante coñecer a distinción conceptual entre rendibilidade económica e financeira, cando se pida calcular a rendibilidade económica e/o financeira, non se facilitarán as fórmulas.

Selección de investimentos: prazo de recuperación ou pay back, valor actual neto (VAN).

O balance. Estruturação do balance en masas patrimoniais. Equilibrios patrimoniais. Análise económica e financeiro da empresa: cálculo e interpretación do Fondo de manobra, análise (cálculo e interpretación) a través de ratios (proporcionaranse as fórmulas que permiten calcular as ratios).

Conta de Resultados: Clasificación de gastos e ingresos. Resultados de explotación, resultados financeiros, resultados antes e despois de impostos.

Nota: Nos casos prácticos poderase pedir a interpretación dos resultados. Obviamente, todas as cuestións que son obxecto de casos prácticos tamén son susceptibles de ser avaliadas nas preguntas de carácter teórico.

Consideracións adicionais a ter en conta

- En termos xerais, para a preparación dos exercicios relativos ao patrimonio da empresa e a súa representación contable, recoméndase tomar como referencia os modelos de contas anuais específicos que establece o PXC para as PEME
- Nos enunciados dos exercicios das ABAU relativos ás contas anuais inclúiranse fundamentalmente os elementos patrimoniais e os ingresos e gastos que figuran nos exemplos dos anexos I e II.
- Nos exercicios sobre balances os elementos patrimoniais deberán clasificarse distinguindo Activo Corrente-Activo non Corrente; Pasivo Corrente-Pasivo non corrente e Neto Patrimonial. Por outra parte, nos casos nos que se proporcione información sobre amortización acumulada, ésta simplemente deberá ser tida en conta para determinar o valor neto da correspondente masa patrimonial (sen necesidade de que figure expresamente a amortización acumulada no balance con signo negativo).
- Nos exercicios sobre contas de resultados, acéptase como válida a elaboración e presentación da conta de perdas e ganancias dacordo con calquera das dúas posibilidades contempladas no Anexo II (en ambos os dous casos simplificadas conforme ao nivel propio destas probas de acceso a universidade).
- A elaboración do Estado de Fluxos de Efectivo e o Estado de Cambios no Patrimonio Neto **non** será obxecto de casos prácticos.

ANEXO I

ACTIVO	PATRIMONIO NETO MAIS PASIVO
<p>ACTIVO NON CORRENTE</p> <p>INMOBILIZADO INTANXIBLE Propiedade industrial Aplicacións informáticas Investigación Desenvolvemento</p> <p>INMOBILIZADO MATERIAL Terreos Construcións Maquinaria Mobiliario Equipos para o proceso de información Elementos de transporte</p> <p>INVESTIMENTOS INMOBILIARIOS Investimentos en terreos e bens naturais Investimentos en construcións</p> <p>INVESTIMENTOS FINANCEIROS A LONGO PRAZO Invest. finan. a longo prazo en instrum. do patrimonio. Valores representativos de débeda a longo prazo</p>	<p>PATRIMONIO NETO</p> <p>FONDOS PROPIOS Capital ou Capital Social Reservas Resultados de exercicios anteriores Resultado do exercicio</p> <p>PASIVO NON CORRENTE</p> <p>DÉBEDAS A LONGO PRAZO Débedas con entidades de crédito a longo prazo Efectos a pagar a longo prazo Provedores de inmovilizado a longo prazo Obrigacións e bonos</p>
<p>ACTIVO CORRENTE</p> <p>EXISTENCIAS Mercadorías Materias primas Produtos en curso Produtos rematados</p> <p>DEBEDORES COMERCIAIS E OUTRAS CONTAS A COBRAR Clientes Clientes efectos comerciais a cobrar Debedores varios Anticipo de remuneracións</p> <p>INVESTIMENTOS FINANCEIROS A CURTO PRAZO Invest. finan. a curto prazo en instrum. de patrimonio Valores representativos de débeda a curto prazo</p> <p>EFFECTIVO E OUTROS ACTIVOS LÍQUIDOS EQUIVALENTES Caixa euros Banco CC</p>	<p>PASIVO CORRENTE</p> <p>DÉBEDAS A CURTO PRAZO Débedas con entidades de crédito a curto prazo Provedores de Inmovilizado a curto prazo Efectos a pagar a curto prazo</p> <p>ACREDORES COMERCIAIS E OUTRAS CONTAS A PAGAR Provedores Provedores, efectos comerciais a pagar Remuneracións pendentes de pagamento Acredores por prestación de servizos.</p>

ANEXO II

PERDAS E GANANCIAS
<p>1. - Importe neto da cifra de negocios</p> <ul style="list-style-type: none"> - Vendas - Prestacións de servizos <p>2. - Aproveisionamentos</p> <ul style="list-style-type: none"> - Compras de mercadorías - Compras de materias primas - Compras doutros proveenmentos - Traballos realizados por outras empresas <p>3. Outros ingresos de explotación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ingresos por arrendamentos - Ingresos de propiedade industrial cedida en explotación <p>4. Gastos de persoal</p> <ul style="list-style-type: none"> - Soldos e salarios - Seguridade social a cargo da empresa <p>5. Outros gastos de explotación</p> <ul style="list-style-type: none"> - Servizos exteriores <ul style="list-style-type: none"> Arrendamentos e canons Reparacións e conservación Servizos profesionais independentes Transportes Primas de seguros Publicidade, propaganda e relacións públicas Subministracións - Tributos <ul style="list-style-type: none"> Outros tributos <p>6. Amortización do inmovilizado</p> <p>7. Deterioración e resultado por alleamento do inmovilizado</p> <ul style="list-style-type: none"> - Deterioracións e perdas <ul style="list-style-type: none"> Perdas por deterioración do inmovilizado intanxible Perdas por deterioración do inmovilizado material Perdas por deterioración dos investimentos inmobiliarios - Resultados por alleamentos <ul style="list-style-type: none"> Beneficios/perdas procedentes do inmovilizado intanxible Beneficios/perdas procedentes do inmovilizado material Beneficios/perdas procedentes dos investimentos inmobiliarios
Resultado de explotación = Ingresos de explotación - gastos de explotación
<p>8. -Ingresos financeiros</p> <ul style="list-style-type: none"> - Ingresos de participacións en instrumentos do patrimonio (ex. dividendos) - Ingresos de valores representativos de débedas (ex. rendementos de activos de renda fíxa) <p>9. -Gastos financeiros</p> <ul style="list-style-type: none"> - Intereses de obrigas e bonos - Intereses de débedas - Intereses por desconto de efectos
Resultados financeiros = Ingresos financeiros - gastos financeiros
Resultado antes de impostos= Resultados de explotación + resultados financeiros
Imposto sobre beneficios*
Resultado despois de impostos

* No seu caso, no enunciado do exercicio proporcionarase o dato do tipo impositivo a aplicar.

PERDAS E GANANCIAS
INGRESOS DE EXPLOTACIÓN Vendas e ingresos <ul style="list-style-type: none"> - Vendas de mercadorías - Prestacións de servizos Outros ingresos de xestión <ul style="list-style-type: none"> - Ingresos por arrendamentos - Ingresos de propiedade industrial cedida en explotación
GASTOS DE EXPLOTACIÓN Compras <ul style="list-style-type: none"> - Compras de mercadorías - Compra de materias primas - Compras doutros aprovisionamentos - Traballos realizados por outras empresas Servizos exteriores <ul style="list-style-type: none"> - Arrendamentos e canons - Reparación e conservación - Servizos de profesionais independentes - Transportes - Primas de seguros - Publicidade, propaganda e relacións públicas - Subministracións Tributos <ul style="list-style-type: none"> - Outros tributos Gastos de persoal <ul style="list-style-type: none"> - Soldos e salarios - Seguridade social a cargo da empresa Amortización do inmovilizado Deterioración e resultado por enaxenación do inmovilizado <ul style="list-style-type: none"> - Deterioracións e perdas <ul style="list-style-type: none"> Perdas por deterioración do inmovilizado intanxible Perdas por deterioración do inmovilizado material Perdas por deterioración dos investimentos inmobiliarios - Resultados por enaxenacións <ul style="list-style-type: none"> Beneficios/perdas procedentes do inmovilizado intanxible Beneficios/perdas procedentes do inmovilizado material Beneficios/perdas procedentes dos investimentos inmobiliarios
INGRESOS DE EXPLOTACIÓN - GASTOS DE EXPLOTACIÓN = RESULTADOS DE EXPLOTACIÓN (+/-)
INGRESOS FINANCEIROS <ul style="list-style-type: none"> - Ingresos de participacións en instrumentos de patrimonio (dividendos) - Ingresos de valores representativos de débedas (renda fixa) GASTOS FINANCEIROS <ul style="list-style-type: none"> - Intereses de obrigas e bonos - Intereses de débedas - Intereses por desconto de efectos
INGRESOS FINANCEIROS - GASTOS FINANCIEROS = RESULTADOS FINANCEIROS (+/-)
RESULTADOS DE EXPLOTACIÓN + RESULTADOS FINANCEIROS = RESULTADO ANTES DE IMPUESTOS
Menos Imposto sobre beneficios* =
RESULTADO DO EXERCICIO (BENEFICIO OU PERDA)

*No seu caso, no enunciado do exercicio proporcionarase o dato do tipo impositivo a aplicar.

RECOMENDACIÓNS E SUXESTIÓNS PARA MELLORAR OS RESULTADOS DAS PROBAS

Tomando como referencia a información facilitada polos correctores das probas correspondentes nos cursos anteriores, o grupo de traballo, co obxecto de subsanar algunhas das deficiencias observadas máis comúns e con elo contribuír á mellora dos resultados das citadas probas, considera oportuno realizar as seguintes suxestións a título de recordatorio:

- Consideracións xerais de carácter formal: Convén recalcar a necesidade de coidar a presentación, a orde e claridade nas respostas así como a necesidade de empregar con propiedade o vocabulario propio da materia e de evitar os erros ortográficos.
- Problemas: En xeral, catro aspectos son manifestamente mellorables e polo tanto requiren maior atención: a) presentación clara e ordenada do exercicio; b) Comentario do apartado correspondente e interpretación dos resultados; c) Corrección nos cálculos aritméticos; d) Expresar os resultados nas unidades correspondentes

Neste senso, como norma xeral, nos criterios de cualificación das ABAU o Grupo de Traballo acordou descontar o 25% da nota de cada apartado se hai erros de cálculo. Se de xeito sistemático non se indican as unidades nas que ven expresado o resultado, aplicarase unha penalización de 0,25 ptos. sobre a cualificación global do exercicio.

Nota: O contido desta páxina ten carácter exclusivamente informativo, polo que non poderá utilizarse como base para ningún recurso.